



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE 2023, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
D^a. DIANA VARELA BARREIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
D^a. MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
D^a. RAQUEL SANGIAO DURÁN
D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
D^a. YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
D. DAVID BROCOS VIEIRO

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (31/01/2023).

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 31/01/2023 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG para realizar á maior brevidade posible a análise das augas, tanto públicas como particulares, nas aldeas de Outeiro (Vilanova) e nas proximidades da antiga fábrica de aluminios de San Fins.

Declárase a urxencia da mesma, que é aprobada por unanimidade.

Dáse conta da citada moción presentada polo BNG que na súa parte expositiva di o seguinte: “Recentemente apareceu publicado en THE GARDIAN unha noticia elaborada por Watershed Investigations (xornalistas independentes dedicados á investigación medioambiental de recoñecido prestixio internacional), sobre a contaminación das augas na aldea de Outeiro en Vilanova. Da noticia fíxose eco o xornal Nós Diario, e recolle a gravidade da contaminación rexistrada na aldea de Outeiro, en San Pedro de Vilanova, pola presenza de perfluoroalquiladas e polifluoroalquiladas (PFAS).

A Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, do Ministerio de Consumo, editou un informe sobre os PFAS, onde os relaciona directamente con tensioactivos empregados na minería, e en certas fórmulas de insecticidas.

A aldea de Outeiro está a 800 metros da Mina de Serrabal, e rodeada de explotacións vitivinícolas de recente implantación, e aparece recollida no Informe de Watershed Investigations, como a única zona de Galiza contaminada por estes compostos.



Os PFAS, coñécense como “químicos para sempre”, porque non se descompoñen no medio ambiente, acumúlanse no corpo, podendo ser tóxicos en altas concentracións. No caso de Outeiro, as análises deron altos niveis de PFAS.

Elevados niveis de certos PFAS, están relacionados con cancro de ril e testicular, a enfermidade da tiroide, a colite ulcerosa, o colesterol alto e a hipertensión inducida polo embarazo, certas enfermidades reprodutivas, do desenvolvemento, hepáticas, renais e de tiroide. A niveis máis baixos, as PFAS asociáronse con inmunotoxicidade.

O profesor Ian Cousins, científico ambiental da Universidade de Estocolmo, advirte que os sitios con lecturas elevadas deben ser avaliados con urxencia:

“En sitios altamente contaminados, as autoridades locais deberían considerar a posibilidade de realizar probas para garantir que os niveis de PFAS sexan seguros nos produtos locais. Isto axudaría a determinar se se necesitan avisos de saúde locais e campañas de publicación para desalentar o consumo regular de peixe silvestre, mariscos, ovos de galiñas campeiras...”.

Tendo en conta a alarma producida pola noticia publicada por Nós Diario, e que a información recollida por The Guardian e Watershed, procede das bases de datos das compañías de auga e das axencias de medio ambiente de toda Europa, entendemos que a información ten a suficiente entidade e aporta a suficiente garantía como para que a corporación municipal apoie a seguinte moción:

1. Realizar de forma urxente análises completas das augas, tanto públicas como privadas na aldea de Outeiro, San Pedro de Vilanova, coa finalidade de medir a presenza de PFAS, especialmente PFOA, e PFOS.
2. Aproveitando a presente moción, realizar de forma urxente análises completas das augas, tanto públicas como privadas nas proximidades da antiga fábrica “Anodizados Vedra”, e “Lacados Vedra” en San Fins.
3. Comunicar os resultados obtidos á maior brevidade posible, ao pleno do concello, e no caso de confirmar os elevados contidos de PFAS, ou doutros elementos contaminantes; comunicar os resultados á autoridade medioambiental competente e iniciar as medidas recomendadas para a efectiva protección dos veciños afectados.
4. No caso de detectar PFAS asociados ás explotacións vitivinícolas en Outeiro, iniciar unha sondaxe polas augas de consumo nas áreas de recente expansión das multinacionais vitivinícolas no concello.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que hai uns días apareceu esta noticia no xornal “Nós Diario” relativa a unhas verteduras que hai en Outeiro (Vilanova), os únicos que hai en toda Galicia, moi prexudiciais para a saúde das persoas e que se atopan nas augas.

Ante a gravidade das análises destas verteduras presentan esta moción para que tomen medidas urxentes para a protección dos veciños de Outeiro e aldeas próximas.

Solicitan realizar de forma urxente análises de augas tanto en Outeiro como en San Fins onde existía antigamente unha fábrica de aluminios; comunicar os resultados ás autoridades correspondentes e recomendar aos veciños que non usen esas augas contaminadas mentres non se coñezan os resultados das análises.

Solicita o voto a favor.

A Presidencia cre que é unha moción que hai que traballar e desenvolver.

Comeza falando da palabra vertedura, que non corresponde neste caso. Os PFAS son substancias que pertencen a unha familia de arredor de 10.000 substancias químicas que forman



parte dunha ampla gama de produtos de consumo e que, efectivamente, poden chegar á auga, ao solo e mesmo se poden transmitir polo aire, polo po, etcétera.

Téñense usado estes PFAS en espumas contra incendios, revestimentos metálicos, tixolas, envases de papel, alimentos, cremas, cosméticos, téxtiles, etcétera.

Algunhas desas substancias, non de todas, hai evidencias de que si afectan á saúde e hai evidencias de toxicidade para o ser humano, os animais e o medio ambiente.

Con todo, a Axencia Europea de medio ambiente, dependente da Comisión Europea, asume que debido a esa gran cantidade de produtos químicos que compoñen esa familia, non se pode facer unha valoración de substancia en substancia, senón que hai que facela de xeito conxunto con valores moi restritivos sobre 24 delas.

A mesma Comisión Europea na súa normativa xa obriga a facer esa análise sobre algúns destes PFOS e está a revisar a normativa para introducir valores máis estritos para un total de 24 compostos. Os PFAS están presentes en multitude de alimentos, envases, etcétera que hai en todas as casas.

Respecto ao tema puntual de Outeiro (Vilanova), isto é un tema serio, e polo tanto, hai que actuar con prudencia, seriedade, rigor, sentido común e non crear unha alarma infundada e innecesaria.

Na moción sinalan no primeiro parágrafo “Recentemente apareceu publicado en The Gardian unha noticia elaborada por Watershed Investigations (xornalistas independentes dedicados á investigación medioambiental de recoñecido prestixio internacional), sobre a contaminación das augas na aldea de Outeiro en Vilanova. Da noticia fíxose eco o xornal Nós Diario, e recolle a gravidade da contaminación rexistrada na aldea de Outeiro, en San Pedro de Vilanova, pola presenza de perfluoroalquiladas e polifluoroalquiladas (PFAS).”

Cre que esa redacción é incorrecta. En The Gardian e na BBC non aparece nada sobre a contaminación das augas na aldea de Outeiro. O que aparece é un problema coa empresa de auga de Cambridge que admitiu que eliminou un subministro que contiña catro veces o límite regulamentario de PFOS. Descubriuse que o acuífero que abastece ás casas afectadas preto do aeródromo tiña niveis de case 400 nanogramos por litro no ano 2020.

Pregunta se non lles soa raro todo isto, cando se concentra todo no centro de Europa e só un punto en Galicia.

Preguntou na Consellería de Medio Ambiente se tiñan constancia disto e dixéronlle que non.

Nesta publicación e nese mapa o que se establece son aqueles puntos onde aparece unha concentración por encima dos 10 nanogramos por litro; o que aparecía na publicación era unha concentración de 400 nanogramos por litro. Neste mapa só se localizan as coordenadas xeográficas, pero non se menciona a fonte de datos nin se se fai unha determinación puntual ou prolongada no tempo. De feito no artigo non se especifica de onde sae o valor analítico e tampouco a que substancias está referido; polo tanto tampouco se pode dicir que exista unha exposición e que teña consecuencias directas sobre a saúde.

Non foron capaces de pescudar de onde sae este dato, ata que no día de hoxe Viaqua lle di que parece ser que ese punto fai referencia a unha soa mostra feita no seu momento no ano 2008 e cun resultado de 13 nanogramos por litro. A técnica de Viaqua di que realmente esa mostra non é representativa nin determinante.

Evidentemente isto cambia toda a moción.

Falar de vertedura cunha soa mostra que reflicte un resultado de 13 nanogramos por litro, non é tratar o tema con rigor.

Por outro lado, solicita que o BNG sexa un pouco máis prudente nas mocións, porque o segundo parágrafo xa é un ataque directo ás minas e aos viñedos. Se están falando dunha analítica do ano 2008, está totalmente descartado que as viñas teñan algo que ver con iso.

Dito isto, é certo que pode xerar unha certa inquietude en Outeiro, e a misión do grupo de goberno é buscar a tranquilidade nese sector da poboación.

Xa tiñan decidido facer esas análises porque é a mellor maneira de que a xente estea tranquila, e de todos os xeitos, os veciños de Outeiro poden conectarse á traída municipal que pasa por alí.



O seu grupo non ten problema en aprobar a moción nos seus tres primeiros puntos da mesma, e cre que o cuarto punto non ten sentido neste contexto.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que a alarma social xa se creou porque a noticia xa foi compartida polos veciños do concello.

A Presidencia contesta que precisamente por iso, a mellor maneira de explicar estes datos e de que a poboación quede tranquila é facer esas análises. Pídelle á oposición que entre todos intenten transmitir unha certa tranquilidade acompañada dunha certa preocupación sobre este tema.

A voceira do grupo socialista di que a alarma social con todo isto xa se vén creando dende hai uns anos. Chámalle a atención que sexa o único punto de Galicia e que, relacionando co tema das viñas, non deben esquecer a zona do Ribeiro, Salnés, etcétera.

Por outro lado cre que é importante que se vaian analizando dende agora as augas nesas sitios onde se van expandir esas viñas. Cre que Medio Ambiente debe velar pola calidade desas augas.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que nos outros puntos da moción se fala de análises completas na aldea de Outeiro e nas aldeas do arredor, no caso de que se obtivesen resultados problemáticos. Solicita que cando teñan eses datos, que llos transmitan.

A Presidencia respóndelle á voceira socialista que unha cousa son as augas de consumo que teñen que estar controladas por análises cada vez máis estritas que a administración estableza e outra cousa é que haxa verteduras; sexan de quen sexan, que hai que denunciar, e aí si que entra Medio Ambiente, Augas de Galicia, etcétera.

O grupo de goberno vai votar a favor dos puntos 1, 2 e 3 da moción, pero non están de acordo co preámbulo nin co punto 4.

Posta a votación, sen o punto 4 da moción, apróbase por unanimidade.

3º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á obra de saneamento en Santa Cruz e San Mamede, a Presidencia di que leva máis de dous meses traballando a empresa Civis Global e teñen traballo ata o verán. Estase mirando en obra de levar a rede a algúns puntos que non figuraban no proxecto inicial.

2º.- Sobre utilizar o boletín de información municipal para facer algo de pedagogía e concienciación respecto da recollida do lixo, di que é un rogo.

3º.- Respecto aos puntos de recollida de pilas, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que colectores de pilas hai no punto limpo e na casa do concello. Tamén hai algúns máis en establecementos do concello e cando están cheos avisan a Protección Civil para que os vaian baleirar. Valorarán a idea de poñer un en cada parroquia, pero non se poden poñer na vía pública porque son recipientes de plástico pequenos. A mellor opción é poñelos en espazos interiores en bares, panaderías ou supermercados.

A Presidencia di que hai uns anos repartíranse uns pequenos colectores para todos os comercios en todas as parroquias.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



1º.- Sobre como está a obra de abastecemento de auga dos veciños de Texo en San Fins, a Presidencia di que en principio a idea é que estea feita en marzo. Xa está o material e agora é cuestión de man de obra.

2º.- Respecto a se por xubilación se perdeu un especialista no centro de saúde, a matrona, di que unha cousa é que se xubilara a matrona e outra que se perdera o servizo. Cónstalle que segue funcionando o servizo.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre cada cantos días se recollen os colectores amarelos, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez que di que se recollen unha vez por semana, normalmente os xoves, salvo que haxa algún cambio de plans por parte da empresa. Si é certo que estaban cheos porque tiveron unha avaría no camiión e botaron dez días sen recoller.

2º.- Respecto a que sucedeu co punto de recarga de coches eléctricos situado na estación de tren, xa que ten un cartel que di que está avariado, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Caldelas que di que actualmente está fóra de servizo porque se está actualizando o tema do contrato coa compañía eléctrica, xa que a acometida non é suficiente para o punto de recarga e máis para a estación.

O Sr. García Cutrín pregunta se non se fixo unha valoración da potencia antes de instalar o punto de recarga ou se puxo ao chou.

Responde o Sr. Caldelas dicindo que non se puxo ao chou ningún dos dous. Xa o explicou no pleno anterior; os puntos de recarga levan un cadro de balanceo que lle dá prioridade ao edificio onde está o punto de recarga para aproveitar a potencia total que ten o edificio. Na estación de Santa Cruz sumáronse dous temas: a actividade que ten a estación e o punto de recarga. A compañía eléctrica pediu facer unha reforma no cadro, e con esa reforma que se está facendo agora, a nova acometida dará potencia suficiente para a estación e o punto de recarga.

Cando se instalou o punto de recarga, a potencia era suficiente para a estación e para o punto. Como aumentou a actividade dos dous, hai que facer un cálculo novo, e para iso dependen da compañía que é a que ten que aumentar a potencia máis a acometida.

3º.- Sobre a senda peonil que falta dende a ponte da autopista en San Fins ata a estrada nacional, a Presidencia di que está metido ese tramo no proxecto de sendas. É certo que se comprometera a telo rematado antes das eleccións, pero non vai estar.

4º.- Respecto a por que se deixou de celebrar o Entroido Municipal de Vedra, a Presidencia di que xa o contestou con anterioridade. No seu momento tiña sentido facelo porque o concello apostou por recuperar esa tradición dos atranques que se estaba perdendo, estíbese pelexando porque se declarara de interese turístico galego; unidades didácticas cos rapaces, etcétera. Cando se conseguiu iso, todo o relacionado cos atranques, xenerais, correos son cuestión das propias parroquias e consideraron que non tiña sentido que o concello se metera nese tema. A idea é ir recuperando un Entroido para nenos, rapaces, ademais do dos maiores, pero o tema dos xenerais entende que ten que ser cuestión das parroquias.

O Sr. García Cutrín di que antes cada parroquia participaba cunha carroza e roga que se volva facer para seguir promovendo os carnavais como no resto dos concellos limítrofes.

5º.- Sobre a situación do centro de día e o espazo público de San Xián, a Presidencia di que o espazo de San Xián xa está ocupado e agora mesmo están co estudo topográfico para deseñar ese espazo. Nas próximas semanas pecharase de xeito provisional con postes e arame para que xa se poida utilizar.



En canto ao centro de día, comunica que o martes 7 de marzo haberá ás 20:00 horas unha reunión dos dous concellos en Vedra.

Aproveita para comunicarlle aos grupos da oposición que ese mesmo día ás 09:30 terá lugar unha reunión na Subdelegación do Gobeno polo tema de Gundián con ADIF. Se algún membro da oposición quere e pode asistir á reunión deberá comunicalo antes do venres para notificarlo á Subdelegación do Goberno.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- As dúas primeiras preguntas xa están contestadas.

2º.- Respecto a se ten previsto a ampliación da EDAR de Bazar, a Presidencia di que por agora non é necesario e en calquera caso é unha depuradora modular, o que quere dicir que se pode ampliar cando sexa necesario.

4º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- O 8 M celébrase o Día Internacional da Muller no que sempre se teñen feito e lido manifestos a través das mocións que se presentaron e no pleno deste mes non hai nada diso. Pregunta cal é a aposta do PP polo feminismo, por seguir loitando polos dereitos das mulleres. Bota de menos unha iniciativa ao respecto por parte do grupo de goberno. Recórdalle que cando se celebrou o 25 N tampouco tiñan un manifesto para ler. Cre que o PP non ten este tema como prioritario e cre que o debería ter.

2º.- Respecto ás pistas que van asfaltar este ano, recórdalle que na aldea de Quintáns hai unha corredeira que está a punto de esbarrancar e no seu momento dixo que irían a vela coa apareladora municipal e un representante da asociación de veciños. Solicita que poña a data. Por outro lado, o muro dunha finca que pertence á igrexa xa se veu abaixo algunha vez nalgúns puntos e solicita que fagan algo ao respecto. O último tramo das obras de saneamento feitas alí están en mal estado debido ás últimas chuveiras e remata nun rexistro pequeno na estrada da Deputación. Pregunta se son conscientes diso e se van actuar para melloralo.

3º.- Respecto á reunión con ADIF polo tema de Gundián, di que hai sitios emblemáticos en Galicia que só teñen acceso determinados días. Pregunta se valoraron unha opción deste tipo.

4º.- Pregunta se a rampla de acceso para discapacitados que están a facer no centro de saúde ten que ver coa obra de 200.000 € que figura nos orzamentos municipais máis os outros 200.000 € que están pendentes da Xunta de Galicia. Pregunta como está ese proxecto.

-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta por que as facturas de Ferretería El Sol xa non as asina o 1º Tenente de Alcalde e si o segundo, cando está presente o Sr. Costa Carneiro.

-- O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta como está o tema da pista da canteira para amañar o tramo deteriorado.

2º.- Suxire que hai máis locais no concello de Vedra cós da parroquia de Santa Cruz para facer actividades.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



3º.- Pregunta canto custa organizar a Festa da Camelia e cantos ingresos reporta ao concello.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- O domingo o Director Xeral do Xacobeo asistiu á Festa da Camelia dicindo que dixo o Sr. Alcalde que ía facer unha área en Ponte Ulla. Pregunta cando está previsto que se faga esa área.

2º.- Tivo queixas de que hai cheiros arredor do centro de saúde. Pregunta se saben de onde veñen e solicita que os solucionen.

3º.- Solicita que se faga a limpeza de certas zonas do concello que a precisan.

4º.- Solicita iluminación pública para unha zona de Socastro pola que pasean os veciños.

5º.- Pregunta como está o tema da estrada que está ao lado da vía do tren que vai de Socastro a Santa Cruz. Solicita que melloren a sinalización.

6º.- Respecto aos niveis de PFAS en Outeiro, pregunta se ten que ver co soterramento de maquinaria que se fixo alí hai moitos anos e se saben algo diso.

-- O Sr. Brocos Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita a colocación dun falso teito na estación en Santa Cruz.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cincuenta minutos.